

Resolución da Dirección Territorial da Consellería do Mar na Coruña pola que se actualiza a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle

Antecedentes

1. O 21.11.2025 esta dirección territorial ditou a Resolución pola que se fixo pública a última actualización da lista elaborada polo procedemento de incremento de cotas de captura para as embarcacións incluídas no Plan de xestión para o recurso específico percebe, modalidade dende embarcación, da Confraría de pescadores de Camelle (en adiante plan de xestión).
2. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG Núm. 251, de 31.12.2024).
3. O 12.02.2025 a Confraría de pescadores da Camelle solicitou adaptar o plan de xestión (PE410A 2024/33-1) no apartado de participantes pasando o número máximo de 36 embarcacións con 75 tripulantes habilitados a 34 embarcacións con 75 habilitacións.
4. O 09.10.2025 esta dirección territorial ditou resolución sobre a solicitude de adaptación do plan de xestión e aprobou a modificación do apartado de participantes solicitada pola confraría indicada no punto 3.
5. O 19.01.2026 a embarcación ELY (CFPO 11433) solicita a súa inclusión na lista aberta para o incremento de cotas de percebe.
6. O 22.01.2026 a embarcación SANTA MARIÑA (CFPO 58358), logo de tramitar un expediente de transmisión do permiso e explotación, solicitou a actualización de méritos para a nova persoa armadora.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece nos artigos 39 a 46 o procedemento para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión. No seu artigo 39 establece un sistema de lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión na que a orde de prelación das embarcacións virá determinado pola puntuación obtida trala aplicación do baremo previsto no artigo 43.1.





2. No punto 4 do artigo 39 da Orde do 30 de decembro de 2015, establécese que as listas estarán abertas permanentemente para que as persoas armadoras de embarcacións interesadas incluídas no plan de xestión poidan solicitar a inscrición.
3. No artigo 45 da citada orde establécese que as persoas armadoras de embarcacións xa inscritas nas listas poderán actualizar os méritos, o que implicará a correspondente modificación da puntuación, no seu caso. Segundo este mesmo artigo, as solicitudes realizaranse no mes de xaneiro e a actualización efectuarase no primeiro cuadrimestre de cada ano.
4. As embarcacións admitidas están incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Camelle e cumpren os requisitos establecidos para participar no sistema de listas para o incremento do número de cotas de captura do recurso específico percebe (artigos 41 e 42 da Orde do 30 de decembro de 2015).
5. As solicitudes presentadas valoráronse de acordo co establecido no anexo I (epígrafes A e C) da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.
6. No caso de que se efectúe a transmisión do permiso de explotación dunha embarcación inscrita na lista, a embarcación causará baixa nesta. Para a súa inclusión, a nova persoa armadora deberá presentar unha nova solicitude de inscrición na lista ao obxecto de actualizar os méritos para a nova persoa armadora no momento en que se autorice a transmisión do permiso de explotación.
7. Esta dirección territorial é o órgano competente para a elaboración e o control das listas, así como para a súa actualización e para comunicar o seu emprego de conformidade co establecido na sección 4ª do capítulo III e o artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o anterior,

RESOLVO:

1. Actualizar a lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión do recurso específico PERCEBE, modalidade dende embarcación, da confraría de pescadores Camelle e publicar a puntuación provisional das embarcacións no Anexo I desta resolución.
2. Contra a puntuación provisional as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante a Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar. As alegacións non se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para a puntuación definitiva.

O artigo 10 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, establece a obrigatoriedade para as persoas traballadoras autónomas de relacionarse a través de medios electrónicos no ámbito do sector público autonómico para os trámites e as actuacións que realicen no exercicio da súa actividade profesional. Por tanto, as alegacións, deberán presentarse por vía electrónica a través do formulario normalizado asociado á solicitude





inicial do procedemento PE401M (achega de documentación separada da solicitude) ou ben a través do formulario de alegacións dispoñible nos modelos xenéricos da sede electrónica (<https://sede.xunta.gal>).

Para a presentación da documentación será necesario identificarse electronicamente mediante calquera dos sistemas de identificación e sinatura admitidos pola sede da Xunta de Galicia.

A presente resolución publicarase na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. Tamén se exporá, con carácter informativo, no taboleiro da confraría de pescadores de Camelle.

Esta resolución notifícaselle á confraría de pescadores de Camelle consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
María José Cancelo Baquero





ANEXO I: Lista aberta para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas no plan de xestión de percebe da confraría de pescadores de Camelle

Embarcación	Matrícula Folio	Embarcación cunha soa cota de captura C.1	Experiencia profesional armador C.2	Habitualidade da actividade pesqueira C.3	Total
ELY	CO-4 1461	5,00	4,00	3,00	12,00
JOSE IGNACIO PRIMERO	CO-4-3-03	5,00	4,00	1,00	10,00
MARIA ELENA	CO-4-1782	0,00	4,00	3,00	7,00
NUEVO ANAMAR	CO-4-9-05	5,00	0,00	2,00	7,00
ROSAL	CO-4-3-05	0,00	4,00	3,00	7,00
SILVIA	CO-4-1840	0,00	3,60	3,00	6,60
A PERCEBEIRA	CO-4-10-05	0,00	4,00	2,00	6,00
MARIMAR	CO-4-1962	0,00	4,00	2,00	6,00
NUEVA GIRALDA	CO-4-5-04	0,00	3,60	2,00	5,60
CARMEN	CO-4-190	0,00	4,00	1,00	5,00
CELIA G	CO-4-6-04	0,00	4,00	1,00	5,00
ESMERALDA	CO-4-1699	5,00	0,00	0,00	5,00
PESCADORA	CO-1-1582	0,00	4,00	1,00	5,00
PLAYA DE AROU	CO-4-1398	5,00	0,00	0,00	5,00
CHAMO	CO-4-1-18	0,00	3,92	1,00	4,92
ZEUS UNO	VI-8-2-95	0,00	4,00	0,00	4,00
DOS CUÑADOS	CO-4-1377	0,00	1,36	2,00	3,36
PLATEIRAS	CO-4-5-06	0,00	0,60	2,00	2,60
ESTEBAN	CO-4-2-21	0,00	0,00	2,00	2,00
SARA	CO-4-1947	0,00	0,00	2,00	2,00
MAR DE ALMA	CO-4-2-05	0,00	1,20	0,00	1,20
ALBER	CO-4-1904	0,00	0,00	1,00	1,00
AZOR UNO	CO-4-1-98	0,00	0,00	1,00	1,00
CONSUELO	CO-4-566	0,00	0,00	1,00	1,00
AMABLE	CO-4-1026	0,00	0,00	0,00	0,00
SANTA MARIÑA	CO-4-5-05	0,00	0,00	0,00	0,00

Para as embarcacións que figuran empatadas coa mesma puntuación, a orde na que se amosan é simplemente alfabética e non supón ningunha prioridade. No caso de ser necesario, previamente á oferta de cotas ás ditas embarcacións, resolverase o empate por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.





Os epígrafes de cada columna son: (de acordo co apartado C do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

☐ **TOTAL:** puntos acadados en total.

☒ **C.1: Embarcacións que só teñen unha cota de captura no plan de xestión: 5 puntos.**

☒ **C.2: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**

Terase en conta que a persoa armadora estivese enrolada como percebeira (con acreditación) en embarcacións que contan coa modalidade nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,2 puntos/mes completo. Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase nos 2 anos anteriores á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 4 puntos.

☒ **C.3: Habitualidade da actividade pesqueira.**

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 15-35 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 1 punto.

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva entre 35,01-60 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 2 puntos.

- Se a embarcación acredita ter realizado actividade extractiva superior a un 60,01 % dos días que foron efectivamente autorizados para a extracción dentro do plan de xestión do ano natural inmediatamente anterior: 3 puntos,

Para as embarcacións que solicitan a inscrición na lista, unha vez confeccionada, entenderase o ano natural inmediatamente anterior á data da entrada da súa solicitude no Rexistro electrónico da Xunta de Galicia.

A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.

